



## AVALIACIÓN INTERMEDIA EDLP GALP RÍA DE PONTEVEDRA

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia para a xestión de fondos europeos FEMP destinados á creación e mellora do emprego, inclusión social e benestar xeral da poboación de Sanxenxo, Marín, Bueu, Pontevedra, Meaño e Poio entre 2014 e 2020. O GALP -RP dispón de **5.714.908,27€** para cumprir os obxectivos do seu documento marco: a Estratexia de Desenvolvemento local para a Ría de Pontevedra. Destes, **4.236.181€** están reservados para financiar proxectos de entidades locais. **508.342€** van destinados a cubrir custes de proxectos para a conservación, mellora, e difusión sobre os recursos medioambientais da zona; ademais de buscar a concienciación ambiental da poboación. Ao rematar 2018, **487.550€** estaban aínda sen gastar. **Axúdasnos a pensar como facer que este rompecabezas encaixe? Este póster resume o reto ao que se enfrenta o GALP, as oportunidades locais e barreiras para poder contribuir á mellora medioambiental da Ría de Pontevedra. A lenda é a seguinte: os cadrados de primeiro nivel turquesa son oportunidades ou factores positivos para o cumprimento do reto central, mentres que os laranxas son barreiras.** Os cadrados de segundo nivel **laranxa escuro ou turquesa escuro son dimensións que explican o respectivos cadrados de primeiro nivel.** En azul eléctrico figuran, tanto para barreiras como para oportunidades, accións para darlles resposta que se foron recollendo a través de consultas participativas que o GALP organizou entre maio e setembro do 2019.